



As Seccións Sindicais de CC OO e UGT da Universidade de Vigo coñecendo que a Dirección Xeral que Vde. dirixe concedeu a subvención solicitada pola Fundación Universidade de Vigo para dotarse de cinco orientadores laborais e dous auxiliares administrativos que quere poñer no seu coñecemento o seguinte:

1. Como Vde. saberá ata marzo de 2003 a Universidade de Vigo contaba con cinco orientadoras laborais e un auxiliar administrativo que desenvolvía o seu labor en catro puntos de atención: Vigo Torrecederia, Vigo Campus, Ourense e Pontevedra.
2. Sen razóns obxectivas coñecidas o Vicerreitor de Relacións Institucionais con competencias sobre esta área decide unilateralmente reducir o número de orientadoras, de cinco a tres, e iniciar un novo proceso de selección.
3. Para escoller a este persoal constituíse unha Comisión de Selección na que participan dúas persoas da empresa (entre elas o vicerreitor) e unha representante do Comité Intercentros (CI), órgano de representación do persoal laboral. Sen consultar a esta Comisión o vicerreitor decide contactar co Servicio Galego de Colocación (SGC) para que lle envíe currículos de persoas que cumpran os requirimentos dos postos a cubrir. En resposta a esta petición o SGC envía vintetrés expedientes.
4. O Vicerreitor, ao non estar incluídas as cinco ex traballadoras, (así o manifestou) contacta coa directora da oficina de emprego e lle solicita máis currículos. A demanda non é atendida pola responsable do servizo ao entender que os expedientes que lle enviara eran dabondo para seleccionar tres persoas. En todo caso pediulle que fixera a selección e, unha vez concluída, de non atopar os perfís idóneos lle enviaría outra remesa de currículos.
5. Pola súa conta, e novamente sen contar coa Comisión de Selección, o vicerreitor decide facer unha selección paralela a través da lista de correo de *comunidade*, lista privada á que só poden pertencer os estudantes e traballadores vinculados a Universidade de Vigo. Antes de tomar esta decisión contacta co Presidente do Comité de Empresa quen lle fai saber que o procedemento que quere utilizar non cumpre o requisito de publicidade, principio que rexe na contratación de persoal ao servizo da administración pública. Tamén lle manifesta o seu abraio por utilizar para as mesmas prazas dúas vías paralelas de selección.
6. Cando se reúne a Comisión de Selección teñen que interromper o proceso por diferencias na información solicitada, ao recoller os currículos enviados polo SGC só cinco anos de experiencia.

SR. DIRECTOR XERAL DE FORMACIÓN E COLOCACIÓN.

7. O 6 de agosto de 2003 reúnese de novo a Comisión de Selección e o vicerreitor propón un baremo da clara orientación docente (publicacións con ISBN, comunicacións e ponencias en congresos, bolsas e estadias internacionais...). A representante do CI, por contra, propón o baremo que suxire a Dirección Xeral de Formación e Contratación . A representante da parte social avisa que vai a presentar un voto particular e unha carta, co apoio do Comité, na que se cita expresamente as persoas que pretenden seleccionar. Tras este acto se lle di que non pode seguir participando na selección.
8. As seis persoas preseleccionadas son convocadas por vía telefónica a unha entrevista puntuable a realizar o día seguinte. A entrevista non aparecía en ningunha das convocatorias. A representante do CI non é convocada. Non se fai acta deste acto. Tres das seis candidatas presenta reclamación contra a proposta de provisión.
9. O 3 de setembro nunha nova reunión a representante da parte social fai un relatorio das irregularidades cometidas e avisa de que as tres candidatas seleccionadas non cumpren un dos requisitos da convocatoria enviada a lista de comunidade: ser desempregadas. Chegado a este punto a representante do CI ao constatar que existen graves defectos de forma solicita, para continuar con garantías co proceso selectivo, un informe xurídico que analice todo o realizado ata ese momento. A súa petición, sorprendentemente, conta co apoio dun dos representante da empresa.
10. O informe xurídico foi realizado pola Asesoría Xurídica da Universidade de Vigo e malia que foi solicitado pola representante dos traballadores este nunca chegou as súas mans. Na Universidade é sabido que dito informe cuestiona a actuación dos representantes da empresa e por esta razón non se quere dar a coñecer. A parte social sigue solicitando a través de distintos escritos ter acceso a esta información.
11. O 19 de febreiro de 2004 o Pleno do CI solicita nun escrito enviado a través do rexistro da universidade unha entrevista co vicerreitor para falar do futuro da OFOE. No mesmo escrito solicítase tamén falar da situación do proceso de selección de 2003. O vicerreitor non contestou o escrito e, a día de hoxe, o CI segue a esperar para ser recibido.
12. O 28 de abril de 2004 a través do periódico Faro de Vigo dáse a coñecer a noticia de que a OFOE vai ser integrada nun ente chamado Fundación Universidade de Vigo. En dita entrevista o Sr. Martínez Cobas manifesta o seguinte: *“A intención é darlle futuro ao servizo e contar cunha estrutura propia que non dependa doutras administracións, como ata agora, cando era unha estrutura financiada pola Xunta e, polo tanto, condicionada ás súas propias circunstancias”*. Polas súas declaracións parece que quere utilizar fondos públicos para poñer en marcha unha entidade privada que, aínda que é unha fundación recoñecida como tal no rexistro do ministerio, que se saiba non actualizou os compoñentes do seu Padroado nin reuniu a este ou ao Consello Executivo para tomar a decisión de encadrar a OFOE dentro da súa estrutura e poder pedir subvencións a

Xunta de Galicia para fornecerse de persoal, tal e como establecen os seus Estatutos, razón pola que estamos a consultar distintos servicios xurídicos para determinar a validez e legalidade destes actos.

13. A día de hoxe a selección comezada en maio de 2003 segue inconclusa causando un grave prexuízo e indefensión as traballadoras que foron preseleccionadas para traballar como orientadoras laborais ou, a aquelas outras, que lexitimamente recorreron o controvertido proceso selectivo.
14. Como sindicatos que representamos aos intereses dos traballadores e traballadoras da Universidade de Vigo e o noso deber velar polo cumprimento dos principios constitucionais de igualdade, capacidade, mérito e publicidade, polo bo funcionamento da administración pública é, así mesmo, polo bo uso que se faga cos fondos públicos destinados a empresa na que traballamos.

Vigo 12 de maio de 2004

Polo sindicato CC OO

Polo sindicato UGT

Manuel Velasco Graña

José Andrés Zapirain Fernández